

## **ADDENDA CON MOTIVO DA ORDE DO 25 DE XANEIRO DE 2022.**

### **1. Modificación do calendario escolar 2021-2022**

Modificación da orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na comunidade autónoma de Galicia.

Os apartados 2 e 3 do artigo 10 quedan da seguinte maneira:

A sesión de avaliación final ordinaria do alumnado do primeiro curso do bacharelato, a sesión da avaliación final de módulos do alumnado do primeiro curso dos ciclos da formación profesional básica, así como a sesión da terceira avaliación parcial do alumnado da educación secundaria obrigatoria deberán realizarse a partir do día 6 de xuño de 2022.

Deberán realizarse a partir do día 23 de xuño de 2022 as sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado do bacharelato e do primeiro curso dos ciclos da formación profesional básica; a sesión de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria; as sesións da avaliación final de ciclo do segundo curso dos ciclos da formación profesional básica, e as sesións da avaliación final de módulos do alumnado dos ciclos formativos de formación profesional.

O apartado 2 do artigo 11 queda redactado deste xeito:

As probas finais da convocatoria extraordinaria para o bacharelato e o primeiro curso da formación profesional básica realizaranse entre o 20 e o 22 de xuño de 2022.

### **2. Modificación parcial dos criterios de avaliación.**

A recién aprobada orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia fai necesario a modificación parcial de determinados puntos da Programación Didáctica do Departamento de Relixión Católica para garantir de acordo a nova orde os seguintes puntos:

Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña partes sen superar logo realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.

A continuación faise unha breve exposición dos instrumentos de avaliación así como a súa ponderación na nota de cada avaliación:

Instrumentos de avaliación	Ponderación
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Participación activa en clase tanto nas postas en común así como en debates sobre temas ou outros aspectos traballados na clase .</li> <li>● Puntualidade na presentación dos traballos e exercicios.</li> <li>● Esforzo e traballo diario.</li> <li>● Actividades complementarias</li> <li>● Interese por aprender e esforzo por mellorar</li> <li>● Respecto ao profesor, compañeiros de clase, material</li> </ul>	60%
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Probas escritas utilizando material para a súa elaboración</li> <li>● Exames</li> <li>● Resumos, actividades realizadas durante a sesión de clase (caderno de clase, porfolios...)</li> </ul>	40%

Cabe mencionar que debido ao contexto no que nos atopamos por mor da pandemia motivada polo Covid -19, no actual curso académico 2021-2022 sueguen vixentes as pautas de actuación dictadas no Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario para o citado curso.

**No caso de que as circunstancias** obriguen a traballar de forma non presencial,manteranse estes mesmos criterios de calificación **a través da Aula Virtual**, soporte a usar no caso que fose necesario. Tamén o profesor/a facilitará o seu **correo electrónico** para facilitar o alumnado a achega de traballos cando estes non poidan asistir de xeito presencial ás clases.

Para rematar , compre deixar constancia de que a nova orde 25 de xaneiro de 2022 establece que o periodo abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final do curso.

**A cualificación final do alumnado será o resultado da media aritmética das cualificacións trimestrais.**

**Durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final** dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación de tal xeito que **o alumnado que así o desexe pode subir ata un punto a súa nota final se realiza as actividades de ampliación** propostas polo profesor/a, do mesmo xeito **o alumnado ca materia suspensa pode recuperar esta durante este período a través de actividades de recuperación e reforzo.**

